

Pintar indeterminado

Infantil Arrecendo a clásico a partir dunha idea orixinal do ilustrador

N'A *dama da Luz*, Agustín Fernández Paz puxo con xenerosidade o seu talento de brillante inventor de estruturas literarias ao servizo dunha idea argumental de Jorge Magutis, responsable tamén das ilustracións que acompañan o texto e do deseño do volume. O vilalbéis fai súa a historia introducindo constantes da súa produción, coma tal, a exploración dos difusos camiños que confunden os límites entre a realidade e a fantasía, a posibilidade dunha lectura en clave simbólica, a intensificación do misterio arredor dunha casa abandonada, a aparición de seres que fan nacer o terror ou o final aberto que instala a dúbida.

Trátase dunha narración apta para todos os públicos na que a intriga está presente dende as páxinas iniciais: ese segredo do avó de Marta explicará por que no aire flota algo novo e hai un brillo especial no rostro e nas olladas das persoas, tal e como percibe a rapaza. Deste xeito, dáse entrada ao relato dun feito

A dama da luz ·
Agustín Fdez. Paz,
Jorge Magutis (il.) ·
Xerais, 2009 ·
44 páx · 14 euros



acontecido nos anos de infancia do avó, cando a irrupción dunha muller misteriosa e fuxidía, a Dama da Luz, espertou a súa curiosidade. Dende o punto de vista diexético, este elemento desestabiliza o mundo “real” e desencadea uns acontecementos de estirpe fantástica que se complícan progresivamente para acoller o conflito que provoca o antagonista, o Home das Sombras, reforzado tamén dende o contraste léxico, e mais a súa ambición persoal de facerse con todas as criaturas que poboan os relatos e lendas creados pola humanidade. A historia aséntase na estratexia narrativa do relato enmarcado, que conecta os dous niveis narrativos: o relato primeiro, enunciado por un narrador externo e situado nun



tempo presente, co relato secundario e cerna da historia, acontecido no pasado e que reproduce o testemuño do avó na súa propia voz.

Acompañan o engado da historia unhas ilustracións figurativas de grande expresividade e precisión pictórica, que reproducen personaxes e obxectos e coidan os detalles do escenario, retratando con realismo o Vigo do pasado. Outras imaxes, tal como esixe o nivel textual, recrean a dimensión fantástica e amosan a galería de criaturas máxicas. Cómpre

tamén destacar os detalles que encabezan e conclúen os capítulos, pois achegan, xunto coa imaxe de cuberta, unha información connotativa fundamental para a secuencialidade e para a interpretación dos lugares de indeterminación que deixa o texto dunha maneira consciente. Un deses baleiros é sen dúbida a localización espacial concreta, cuxa identificación, a rúa Elduayen de Vigo, se adianta na dobre páxina conclusiva do capítulo 1, poboada polo tranvía e os coches de cabalos, homes con

traxe e sombreiro, homes-anuncio, tendas de antano, gaivotas... Malia todo, a proporción das ilustracións con respecto ao texto fai que o volume non acade exactamente os requirimentos do álbum, polo que sería máis preciso falarmos neste caso de conto ilustrado.

O resultado arrecende a conto clásico, tanto polo seu contido, ideal para ser escoitado e lido con vagar, como polo seu formato cadrado de gran tamaño e de esmerada edición.

// Isabel Soto